

VARIETADES DIALECTAIS DO GALEGO.

Exercicios autoavaliabes (2)

5 I: Ás oito marchar pó mar, pä nêcora ¿èh?, pä nêcora. Entónsese traballar toda a noite, a lances, cada lanse unhä hõra, cada lanse unhä hõra. Entónses sácase o mārisco è lārghase, se non se cõllen aquí poise sepárase se cadra dousèntogh metros

10 ou, ou unha milla ou dúas millas, eso depènde. È trabállase toda a noite, asta pola mañán; ái áse, ás sinco da mañán cárgase o äpärello è vênse con el, pä còsta ou pä tèrrä, descarghare; desís-canse agh nasas è pó muèlle. Entónse-lo mārisco, hai que capa-lo; ä nêcora capala è enviveirala.

15 E: ¿En que consiste capala?

I: Capala, quèrse disir, sacarlle o, o anclo ¿non sabes? O anclo co älicate, pois, cõtase, que se non devòran unhas as outras, mátanse. Entónses bótase nun, nun viveiro, enviveirada, è ighual ta aí oito días como quínse días, depènde das vendäs; è entónses de día durmire, un par de hõras, è despoise prepara-la carnada outra ves, se ta no conghelador, saca-la carnada do congheladore, a desconghelare, è läñala, pa ái ás sète è mèdiä marchar pó mar outra ves, toda a noite, traballare.

- 1.- Comenta as características dialectais máis importantes presentes no texto anterior.
- 2.- Localízao no seu bloque e área lingüística correspondente a partir desas características. Distín-gue ben cales son as características do bloque e cales son as características da área ou subá-rea lingüística.
- 3.- En que parte do territorio lingüístico galego se produce o seseo?
- 4.- Pensas que é posible que unha determinada variedade lingüística que sexa considerada dialecto poida converterse nunha lingua ou viceversa?
- 5.- Que é o galego exterior?

RESPOSTAS

1.- Comenta as características dialectais máis importantes presentes no texto anterior.

No texto obsérvanse numerosos fenómenos de natureza dialectal, como é normal en todos os textos orais espontáneos. A nivel fonolóxico, os que máis destacan son a gheada, que é de tipo aspirado (*lárghase*, liña 3; *cárgase*, liña 6; *ighual*, liña 14) e o seseo, que é total, xa que se realiza en calquera posición, tanto en posición final (*ves*, liña 16) como en posición non final (*lanse*, liña 2; *sinco*, liña 6). En canto ao vocalismo, destaca a presenza de ditongos *ui* para formas procedentes do grupo latino OCT (*nuite*, liña 2; *uito*, liña 14) e a palatalización do *a* (pronuncia intermedia entre *a* e *e*: *unhä*, liña 2; *mārisco*, liña 3; *äquí*, liña 4). Tamén se observa a perda do *u* nas palabras procedentes do grupo latino QUA (*cadra*, liña 4). Por último cómpre resaltar a aspiración do *s* en posición final de sílaba (*dousentogh*, liña 4; *agh*, liña 8).

A nivel morfolóxico, a principal característica é a presenza da terminación *-án* procedente do latín *-ANAM* para substantivos femininos (*mañán*, liña 6) en lugar da normativa en *-á*. Obsérvase tamén a existencia do sistema dos demostrativos con *e* en lugar de *i* nas formas do neutro (*eso*, liña 5).

2.- Localízao no seu bloque e área lingüística correspondente a partir desas características. Distingue ben cales son as características do bloque e cales son as características da área ou subárea lingüística.

O texto pertence ao bloque occidental. A pesar de que non se pode comprobar que se dea o trazo lingüístico que caracteriza este bloque (a formación regular dos plurais das palabras rematadas por vogal seguida de *n*, do tipo *cancións* ou *cans*) porque non aparece en todo o texto ningún deses plurais, si se encontra unha característica exclusiva deste bloque: a presenza da terminación *-án* procedente do latín *-ANAM* para substantivos femininos (*mañán*, liña 6). Outras características propias do bloque occidental que se observan no texto son a a gheada, que é de tipo aspirado (*lárghase*, liña 3; *cárgase*, liña 6; *ighual*, liña 14); o seseo, que é total, xa que se realiza en calquera posición, tanto en posición final (*ves*, liña 16) como en posición non final (*lanse*, liña 2; *sinco*, liña 6); e a redución do grupo latino QUA (*cadra*, liña 4).

Dentro do bloque occidental, podemos incluílo na área fisterrá, subárea do Xallas a partir das seguintes características, exclusivas ou case exclusivas desta zona, como a presenza de ditongos *ui* para formas procedentes do grupo latino OCT (*nuite*, liña 2; *uito*, liña 14), a palatalización do *a* (pronuncia intermedia entre *a* e *e*: *unhä*, liña 2; *mārisco*, liña 3; *äquí*, liña 4) e a aspiración do *s* en posición final de sílaba (*dousentogh*, liña 4; *agh*, liña 8).

3.- En que parte do territorio lingüístico galego se produce o seseo?

Este fenómeno fonolóxico prodúcese nas zonas máis occidentais do país. Segundo a posición da palabra na que se produza, pódense distinguir dous tipos de seseo: o total, no que o fonema /θ/ é substituído sempre polo /s/ e o implosivo, no que tal substitución unicamente se produce en posición final de sílaba. O seseo total ten lugar nas falas costeiras occidentais, na franxa máis próxima ao mar nas rías de Vigo, Pontevedra e Arousa e nun territorio que penetra cara ao interior até Santiago; nesta zona dirase, por tanto, *des* e *sinco* en lugar de *dez* e *cinco*. O seseo implosivo sitúase nunha franxa ao leste da zona do seseo total até a altura de Ferrol;

neste territorio pronúnciase *des* (e *ves, lus, narís...*) con seseo, pero *cinco* (e *zapato, cocer, canción...*) sen seseo.

4.- Pensas que é posible que unha determinada variedade lingüística que sexa considerada dialecto poida converterse nunha lingua ou viceversa?

Si. Os criterios para a consideración dunha determinada variedade lingüística como lingua ou como dialecto non son estritamente lingüísticos, é dicir, non hai falas que en si mesmas, polas súas características estruturais, teñan que ser consideradas linguas ou dialectos. Por tanto, pode darse o caso de que unha mellora da situación social e cultural dunha variedade considerada dialecto, como a súa oficialización, a promulgación dunha normativa estándar, o seu emprego lingua habitual da sociedade, desenvolvendo todo tipo de actividades (literatura, medios de comunicación, ensino, etc.) pode levala a adquirir o rango de lingua. Igualmente, unha lingua histórica pode atravesar momentos en que se comporte funcionalmente como un dialecto, ao substituír a expresión nos usos cultos por outra variedade lingüística máis prestixiada (como foi o caso do galego durante os *séculos escuros*).

5.- Que é o galego exterior?

Denomínase galego exterior ao galego falado nos territorios que non forman parte da actual Galicia administrativa. Estas zonas ocupan os territorios máis occidentais das provincias de Asturias (desde a fronteira galega até o río Navia), León (zona do Bierzo), Zamora (zona das Portelas) e de Cáceres (val do Ellas).